NTA ELECTORAL DE GALICIA

Destinatario: D. Alfonso Rueda Valenzuela, presidente da Xunta de Galicia

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 9 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia da representante xeral do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicitando a incoación do correspondente procedemento sancionador contra o presidente da Xunta de Galicia e candidato do Partido Popular por unha posible infracción do artigo 50.2 LOREX (RE 426/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 6 de febreiro de 2024, tivo entrada no rexistro do Parlamento de Galicia un escrito da representante do partido político Bloque Nacionalista Galego (BNG), no que formaliza denuncia contra o presidente da Xunta de Galicia e candidato do Partido Popular, D. Alfonso Rueda Valenzuela, por unha posible infracción do artigo 50.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), solicitando a admisión da denuncia e a incoación do correspondente procedemento sancionador.

Os feitos denunciados derivan das declaracións efectuadas polo Sr. Rueda o 1 de febreiro tras a reunión do Consello da Xunta de Galicia ao respecto da renovación do complemento das pensións non contributivas e a inserción desa nova na páxina web da Xunta de Galicia, ao entender que teñen connotacións electoralistas.

A denunciante resalta, entre outras, as seguintes declaracións e textos das publicacións realizadas:

> *"Non se limita a dicir que se renova o complemento, que por outra banda leva 16 anos en vigor, e que é exclusivamente do que se trataría, senón que a titula como: "37.000 persoas con pensións non contributivas recibirán el complemento extraordinario de la Xunta" e a nota de prensa contén valoracións tales como: "Rueda puso en valor que Galicia es una de las "pocas comunidades autónomas" que mantuvo de "manera*

ininterrumpida" durante los últimos 16 años esta ayuda extraordinaria que no es obligatoria, pues son los propios ejecutivos autonómicos los que deciden mantenerla"

Rematando a súa denuncia manifestando que:

"Estas declaracións supoñen unha campaña de logros que vulneran o establecido no artigo 50.2 da LOREX."

2. O 7 de febreiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (RS 1121/2024) e á representación do Partido Popular (RS 1122/2024) copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento á representante do partido Bloque Nacionalista Galego (RS 1123/2024).

3. O 7 de febreiro de 2024, a representante xeral do Partido Popular formulou alegacións (RE 441/2024), sinalando que as declaracións realizounas D. Alfonso Rueda na súa condición de presidente da Xunta de Galicia, e que a actuación denunciada é allea ao Partido Popular.

Tamén formulou alegacións o secretario xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia con data 8 de febreiro de 2024 (RE 452/2024) motivando a conformidade dos feitos denunciados co establecido no artigo 50 da LOREX, efectuando, entre outras afirmacións, as seguintes:

"...non ten discusión que dar conta dos acordos adoptados polo goberno resulta posible, convén ao intereses públicos e resulta necesario por cuestións de transparencia, información aos medios de comunicación e á cidadanía.

Isto é, non estamos sequera ante unha "campaña informativa" articulada ou consistente no envío de cartas ou mensaxes aos interesados ou a inserción de anuncios en espazos ou lugares públicos ou en medios de comunicación. Estamos ante unha rolda de prensa cuxo obxectivo é dar conta dos acordos adoptados polo goberno. A posibilidade en si de

celebrar este tipo de roldas de prensa non se ten posto en cuestión nunca, nin sequera en período electoral…"

"…os textos comentados, aínda contemplados de maneira illada como fai o denunciante, non poden entenderse como alardes ou campaña de logros, se non que representan información obxectiva sobre o alcance das actuacións do goberno. A forma de redacción, aínda que como impón a técnica periodística, recolle notas de énfase ou recursos estilísticos imprescindibles para facilitar a súa lectura e comprensión - e para evitar caer no simplemente aburrido, nunhas materias xa de por se técnicas, áridas e cheas de datos-, non chega nunca a deslizarse á hipérbole, nin exaxera, polo tanto, cantidades, calidades, características, ou procedementos do goberno ou dos seus membros, como sucede no caso da propaganda política. Non pode chegarse a un celo tal que se impoña un estilo simplemente telegráfico na información que fan pública todos os gobernos nin utilizar na súa análise un subxectivismo suspicaz que vexa propaganda de realizacións e logros por todas partes."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O artigo 50 da LOREX, prohibe expresamente no seu apartado 2 durante o período electoral *"calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polos poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos"*. E o seu apartado 3, prohibe *"calquera acto ou inauguración de obras ou servizos públicos ou proxectos destes, calquera que sexa a denominación utilizada, sen prexuízo de que ditas obras ou servizos podan entrar en funcionamento en dito período".*

Segundo. Na Instrución 2/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre a interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación ao obxecto e aos límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período electoral, inclúe entre as accións institucionais permitidas, no que aquí interesa, *"as campañas informativas que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos*

públicos. Nestes casos o envío de cartas ou mensaxes aos interesados ou a inserción de anuncios en espazos ou lugares públicos ou en medios de comunicación, deberá limitarse estritamente a proporcionar información de interese xeral sobre a conclusión dunha obra pública, a posta en marcha ou o funcionamento dun servizo público, sen que poida conter connotacións electoralistas nin alusións ás realizacións ou logros obtidos polos poderes públicos afectados" [apartado cuarto punto b) e derradeiro parágrafo].

Terceiro. Segundo ten afirmado a Xunta Electoral Central «*resulta legítimo dar cuenta en una rueda de prensa de los acuerdos adoptados por el Consejo de Gobierno y posteriormente incorporar esa refencia a la web institucional en período electoral, pero no puede utilizarse ese acto para realizar afirmaciones que puedan entenderse como logros o realizaciones del citado consejo por resultar contrario a lo dispuesto en el artículo 50.2 de la LOREG.*» (Acordo do 22 de abril de 2015 e doutrina mantida noutro como os acordos do 6 de maio de 2015 e de 17 de xuño de 1017). Esta doutrina reitérase no recente acordo 575/2023, do 5 de outubro (fundamento xurídico primeiro):

«La interpretación del art. 50.2 de la LOREG debe efectuarse a la luz de diferentes preceptos constitucionales; en este caso, resultan singularmente claros los que se contienen en los art. 23.2 y 103.1 de la Constitución, en la medida en que imponen, respectivamente, el principio de igualdad en el ejercicio del derecho de sufragio pasivo (art. 23.2) y el principio de neutralidad de los poderes públicos (art. 103.1); en relación con esto último, conviene tener presente que la jurisprudencia del Tribunal Supremo (Sala Tercera) ha declarado reiteradamente que la neutralidad de los poderes públicos constituye uno de los instrumentos legalmente establecidos para hacer efectiva la igualdad que ha de ser observada en el sufragio, siendo además una de las específicas proyecciones que tiene el genérico mandato de objetividad que el artículo 103.1 de la Constitución proclama para la actuación de toda Administración Pública (por todas, cabe citar SSTS 721/2021, de 24 de mayo; 743/2021, de 26 de mayo; 113/2023, de 31 de enero o 132/2023, de 2 de febrero). Y es que, en último término, la utilización de medios públicos institucionales vulnerando el principio de neutralidad comporta, a su vez, la quiebra del principio de igualdad al que también se refiere el art. 8.1 de la LOREG.

(...)

En suma, las manifestaciones de referencia, al ser efectuadas en el curso de un acto institucional, constituyen una vulneración del principio de neutralidad que dimana del art. 50.2 de la LOREG, de conformidad con la interpretación que del mismo se ha venido haciendo en abundante Jurisprudencia del Tribunal Supremo, en aplicación de los artículos 23.2 y 103.1 de la Constitución. Por consiguiente, no puede prosperar la alegación de que la Junta Electoral Central efectúa una interpretación "extensiva" u "omnicomprensiva" del constantemente citado art. 50.2 de la LOREG, por cuanto la Junta Electoral Central se limita a interpretar y aplicar dicho precepto ciñéndose estrictamente a la Jurisprudencia del Tribunal Supremo. Asimismo, la falta de intencionalidad y la voluntad de no interferir en el proceso electoral se contradice con el contenido de las declaraciones de referencia que, aunque fuesen efectuadas espontáneamente en respuesta a los periodistas, no parecen guardar relación con lo resuelto en el Consejo Europeo, ni con las funciones del Presidente de dicho Consejo que iba a ejercer el interesado, en su condición de Presidente del Gobierno, con arreglo al sistema de turnos rotatorios establecido en la normativa comunitaria.

En relación con lo anterior, cabe destacar, a los efectos que aquí interesan, la mencionada STS 132/2023, de 2 de febrero (FD 9º), en la que se señala que: "Al respecto es jurisprudencia que la neutralidad de las instituciones y poderes públicos es un principio básico (artículo 103.1 de la Constitución) que se acentúa con la exigencia de la neutralidad política en período electoral en los espacios públicos. Esta exigencia limita la libertad de expresión de los candidatos en actos a los que concurren, no como tales, sino en el ejercicio del cargo y viene impuesta por el principio de igualdad de los contendientes en el proceso electoral: se trata de evitar prevalerse del cargo al incurrir en lo que se denomina "campaña de logros", esto es, actos de reclamo electoral a base de exponer los logros de la gestión realizada y que el candidato ensalza no como tal, sino como titular del cargo público que se ostenta y en actos en los que interviene con tal condición".»

Cuarto. As administracións públicas no período electoral poden continuar co exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas*: «El artículo 50.2 de LOREG no prohíbe que durante los períodos electorales las administraciones públicas puedan ejercer las potestades administrativas que tengan legalmente atribuidas»* (Ac. XEC do 4 de marzo de 2020).

O inicio do período electoral "*no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvaguarda del interés público o para o correcto desenvolvemento de los servicios públicos*" (Ac. XEC do 10 de maio de 2011), e tampouco impide a información sempre que se limite estritamente a proporcionar aquela que sexa de interese xeral (Ac. XEC do 14 de abril de 2011) ou que sexa útil, carente de valoracións electoralistas e enmarcada dentro dunha campaña informativa específica (Ac. XEC do 16 de maio de 2019).

Non obstante, cómpre recordar tamén que é doutrina reiterada da Xunta Electoral Central que non é posible que en actos financiados polos poderes públicos se realicen actuacións que teñan contido electoralista ou se empreguen como campaña de realizacións ou logros obtidos, resultando improcedente. polo tanto, que as autoridades ou funcionarios realicen actos ou declaracións nese sentido (Ac. XEC do 8 de xuño de 2016, Ac. XEC do 14 de abril de 2011, Ac. XEC do 7 de abril de 2011).

Quinto. Non resulta cuestionable para esta Xunta Electoral o feito de que en período electoral o Consello da Xunta adopte acordos no ámbito das súas competencias, nin o feito de que o presidente da Xunta de Galicia dea conta deses acordos nunha rolda de prensa. Neste sentido, a Xunta Electoral Central xa se ten pronunciado respecto da aprobación pola Xunta de Galicia de determinados acordos en ámbitos de reactivación dos diferentes sectores económicos e sociais, considerándoos acordes a dereito (AC. XEC de 1 e xullo de 2020).

Neste caso, o presidente da Xunta de Galicia anunciou a adopción dun acordo relacionado coas pensións non contributivas, destacando aspectos tales como: número de beneficiarios, incremento de contías, adianto do pagamento respecto de anos anteriores, etc., que no contexto da dialéctica política destas habituais roldas de prensa posteriores ás reunións do Consello da Xunta de Galicia poderían situarse no eido do funcionamento ordinario da Administración Autonómica, podendo ser a información proporcionada de interese para a cidadanía. Sen embargo, as manifestacións do Sr. Rueda, na súa condición de presidente da Xunta de Galicia, resultan reprochables ao ter efectuado ademáis, outras valoracións que teñen claras connotacións electoralistas na medida en que se refiren aos logros obtidos, mesmo establecendo comparacións con outras Comunidades Autónomas, segundo constan nos antecedentes.

Estas manifestacións, e especialmente a circunstancia do seu mantemento na páxina web da Xunta de Galicia, vulneran a prohibición establecida no artigo 50.2 da LOREX.

Sexto. Como ten sinalado reiteradamente a Xunta Electoral Central (Ac.de 9 de decembro de 2021 e 12 de xullo de 2023) a decisión de abrir ou non abrir expediente sancionador "*...viene determinada por las circunstancias de cada caso, con vistas* a *la salvaguarda de la transparencia y objetividad del proceso electoral y del principio de igualdad que, de conformidad con el artículo 8 de la LOREG, constituyen la razón de ser de la Administración Electoral. Por consiguiente, son las circunstancias concretas de cada caso las que determinarán la incoación -o no- de un expediente sancionador; y cabe -como así ha ocurrido en distintas ocasiones- la apertura de un expediente sancionador sin apercibimiento previo, atendiendo a otras circunstancias como la gravedad de la infracción o la pluralidad de acciones infractoras realizadas, atendiendo al impacto que los hechos hayan podido ocasionar sobre la transparencia, objetividad e igualdad que deben presidir las elecciones.".*

Neste proceso electoral, no ámbito da Presidencia da Xunta de Galicia xa se teñen vulnerado diversos preceptos da LOREX como así o declarou esta Xunta Electoral. En concreto, o Sr. Rueda xa vulnerou o deber de neutralidade imperante para os poderes públicos durante o período que media desde a convocatoria das eleccións ata a celebración das mesmas, noutra rolda de prensa posterior á reunión do Consello da Xunta de Galicia (Acordo da XEG do 24 de xaneiro de 2024 no que se estimou a denuncia e se declarou que o Sr. presidente da Xunta de Galicia incorreu na prohibición establecida no apartado 2 do artigo 50 da LOREX).

Nese acordo de 24 de xaneiro de 2024 xa se lle sinalaba ao Sr. Rueda o seguinte:

"...O Sr. presidente da Xunta de Galicia, que é público e notorio que é un candidato ás próximas eleccións autonómicas, puido terse limitado a cumprir as súas funcións institucionais de transparencia perante os medios de comunicación no senso de dar a coñecer os acordos adoptados no consello que preside. Porén, a frase transcrita de «pedirlle á xente a confianza para gobernar e eu sei que para gobernar necesito a

maioría», unida a frase segundo a cal «o meu obxectivo como candidato é ter esa maioría que me permita seguir gobernando», que contrastan con: «A Xunta esta traballando, o goberno de España non fixo nada e a oposición seguirá enredando e levantando bulos ata o último momento...» e "hai moitísimo interese político, interese electoral, intereses de seguir levantando bulos nos partidos da oposición que van acudir á manifestación...», exceden das ditas funcións xa que, obxectivamente e nun proceso electoral en curso, teñen unha connotación electoralista. Desas frases, claras e precisas, é posible inferir unha identificación da súa condición de presidente da Xunta ––coas conseguintes competencias que lle confire o ordenamento xurídico (art. 15 do EAG e arts. 10 a 26 da LRXP, en relación co art. 103.1 da CE)––, coa súa condición de candidato, nun ámbito institucional alleo ao propio dunha contenda electoral, co fin de persuadir ao potencial elector de que lle vote e, deste xeito, a entidade política pola que se presenta, obteña unha maioría de apoio electoral que lle permita seguir gobernando.".

Así pois, a comisión doutras infraccións da mesma natureza neste mesmo proceso electoral, así como a importante difusión e impacto das citadas manifestacións realizadas polo Sr. Rueda a través da páxina web da Xunta de Galicia e dos medios de comunicación, son, a criterio desta Xunta Electoral, circunstancias relevantes que determinan a procedencia da incoación dun procedemento sancionador.

En consecuencia, a Xunta Electoral de Galicia

ACORDA

Primeiro. Estimar a denuncia e declarar que o presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela, incorreu na prohibición establecida no apartado 2 do artigo 50 da LOREX, por non ter respectado o principio de neutralidade política.

Segundo. Ordenar a retirada da páxina web da Xunta de Galicia das manifestacións denunciadas.

Terceiro. Determinar a incoación de expediente sancionador contra o presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela.

NTA ELECTORAL DE GALICIA

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 10:30 horas do próximo día 13 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal

GOMEZ DIAZ-CASTROVERDE JOSE MARIA - 10038096E

Firmado digitalmente por GOMEZ DIAZ-CASTROVERDE JOSE MARIA - 10038096E
Fecha: 2024.02.12 09:31:21 +01'00'

A Coruña, data da sinatura electrónica
O presidente
da Xunta Electoral de Galicia